



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O SEIS DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO (03/2025)

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Monfero, ás once horas e dous minutos do día seis de febreiro de dous mil vinte e cinco, en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, en funcións de Alcalde por enfermidade D. Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnen-se os Sres. Concelleiros do PSOE: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez; a Sra. Concelleira e os Sres. Concelleiros/as do PP: D.^a M.^a Belén Salido Maroño, D. José Tojeiro Mosquera, D. Ángel Grueiro Filgueiras e D. Ramón Blanco Filgueiras; e o Sr. Concelleiro do BNG: D. Manuel García Deive, para o efecto de celebrar a sesión extraordinaria convocada para ese día ás once horas. Como queda dito, non asiste D. Andrés Feal Varela. Actúa como Secretario o que o é da Corporación: D. Baldomero Beceiro Alonso.

Os asuntos da orde do día son os seguintes:

1. Aprobación da acta da sesión do día 14 de xaneiro de 2025
2. Aprobación da acta da sesión do día 17 de xaneiro de 2025
3. Adhesión á Rede de Entidades Locais Gandeiro Cárnica da FEMP
4. Adhesión á Declaración Institucional da FEMP polo 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres
5. Aprobación do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) "POS+ 2025"
- 6.- Modificación do acordo de aprobación do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) "POS+ Adicional 1/2025 para Gastos Sociais Extraordinarios do exercicio 2025"
- 7.- Aprobación do proxecto técnico do parque infantil modificado

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 14 DE XANEIRO DE 2025

O Sr. Alcalde en funcións pregúntalles aos asistentes se teñen algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou con anterioridade á convocatoria desta sesión no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello. A Sra. Voceira do Grupo Popular, D.^a M.^a Belén Salido Maroño, manifesta que pola súa parte non. Non se producen máis intervencións. Deseguido procédese á votación. O resultado é que votan a favor da aprobación todas as persoas membros da Corporación asistentes á sesión. Xa que logo, a acta da sesión do día 14 de xaneiro de 2025 queda aprobada por unanimidade sen ningunha obxección.

2. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 17 DE XANEIRO DE 2025

O Sr. Alcalde en funcións pregúntalles aos asistentes se teñen algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou con anterioridade á convocatoria desta sesión no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello. Intervén o Sr. Concelleiro do BNG, D. Manuel García Deive,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

manifestando que se vai abster na votación porque non asistiu a esa sesión plenaria e descúlpase porque non se acordou do Pleno. Non se producen máis intervencións. Deseguido procédese á votación. O resultado é de 7 votos a favor (PSOE e PP), ningún voto en contra e 1 abstención (BNG). Xa que logo, a acta da sesión do día 17 de xaneiro de 2025 queda aprobada por maioría sen ningunha obxección.

3. ADHESIÓN Á REDE DE ENTIDADES LOCAIS GANDEIRO CÁRNICA DA FEMP

O Sr. Alcalde en funcións explica que se trata de que o Concello de Monfero se adhira a esta nova plataforma que quere crear a FEMP, que é unha rede de entidades locais gandeiro cárnicas, que o que queren desde o goberno (municipal) é que o Concello se adhira mediante acordo plenario a esta Rede, para darlle visibilidade ao sector xa que en Monfero hai algunhas granxas de carne, posto que proximamente se vai celebrar a asemblea executiva (da FEMP). A Continuación pregunta se hai algunha intervención.

Intervén a Sra. Voceira do Grupo Popular, D.^a María Belén Salido Maroño, manifestando que o Grupo do Partido Popular vai a sumarse a iso e van apoialo porque lles parece bastante interesante para a xente que se dedica a iso.

Pola súa banda, o Sr. Concelleiro do BNG manifesta que el igual.

Deseguido, o Sr. Alcalde en funcións somete o asunto a votación, co resultado de que a adhesión do Concello de Monfero á Rede de entidades locais gandeiro cárnica da FEMP é aprobada co voto favorable de todas as persoas membros da Corporación asistentes á sesión. Xa que logo, o Sr. Alcalde en funcións proclama que queda aprobada por unanimidade.

4. ADHESIÓN Á DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA FEMP POLO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que se lles pasou a todos esta declaración e que se trata de adherirse a ela, que é o que propón.

A Declaración institucional da FEMP á que se refire este punto da orde do día foi remitida, xunto coa convocatoria desta sesión, a Sra. Voceira do Grupo Popular e ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbese textualmente a continuación:



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)



FEDERACION ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS Y PROVINCIAS

DECLARACIÓN DE LA JUNTA DE GOBIERNO DE LA FEMP POR EL DÍA 8 DE MARZO DÍA INTERNACIONAL DE LAS MUJERES

La Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP) invita a las Entidades Locales —Ayuntamientos, Diputaciones Provinciales, Cabildos y Consells Insulares— a unirse en la conmemoración del Día Internacional de las Mujeres.

Este año, lo hacemos bajo el lema:

“Para todas las mujeres y niñas: Derechos, igualdad y empoderamiento”

En esta fecha tan señalada, renovamos nuestro compromiso firme e inquebrantable de promover y defender los derechos de las mujeres y niñas, sin distinción de origen, edad, etnia, orientación sexual, discapacidad o cualquier otra condición.

Según los últimos datos del Instituto Nacional de Estadística (INE), las mujeres representan aproximadamente el 51% de la población en España.

Sin embargo, estudios recientes destacan que la brecha salarial aparece cuando las mujeres deben elegir entre la maternidad o continuar con su carrera laboral, persiste en ámbitos específicos como en sectores como los servicios y los cuidados, y que las mujeres continúan asumiendo una carga desproporcionada en las tareas no remuneradas.

Estas cifras ponen de manifiesto la necesidad de reforzar las políticas de igualdad, de conciliación y corresponsabilidad especialmente desde el ámbito local, para garantizar el pleno ejercicio de sus derechos.

1. Reconocimiento de derechos y protección integral

Las administraciones locales, por su cercanía a la ciudadanía, deben garantizar servicios de calidad que permitan a las mujeres conciliar su vida laboral, familiar y personal como también debemos velar por la dignidad de las mujeres y niñas. Nuestro objetivo es seguir construyendo ciudades y pueblos libres de violencias machistas, donde la autonomía e independencia de las mujeres sea una realidad palpable.

2. Educación, formación y concienciación

La educación en igualdad y el fomento de valores de respeto desde temprana edad son esenciales para prevenir la discriminación. Es necesario impulsar proyectos que garanticen que las nuevas generaciones crezcan en un entorno que promueva la corresponsabilidad entre hombres y mujeres.

1



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)



FEDERACION ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS Y PROVINCIAS

Impulsar proyectos educativos que fomenten la libre elección de la formación alejada de determinados estereotipos, haciendo que sectores masculinizados sean mas atractivos para las mujeres.

3. Participación social y política

El liderazgo femenino es clave para una democracia sólida. Fomentemos la participación de las mujeres en todos los niveles, promoviendo su presencia en órganos directivos y apoyando el emprendimiento femenino.

4. Mujeres del Medio Rural y Mujeres con Discapacidad

Nos comprometemos a prestar una atención específica y particular a las mujeres del medio rural, y a las mujeres con discapacidad, que tienen mayores dificultades para alcanzar las reivindicaciones que reclamamos en esta declaración institucional.

5. Colaboración institucional y compromiso colectivo

La igualdad efectiva requiere la acción coordinada de todas las administraciones públicas, la sociedad civil y el sector privado. Solo mediante la cooperación podremos alcanzar un progreso sostenible.

En este 8 de marzo de 2025, la FEMP reitera su compromiso de impulsar medidas concretas que refuercen los derechos de las mujeres y niñas. Unámonos en esta lucha por una sociedad justa y diversa, donde las mujeres y niñas sean protagonistas de su propio futuro. Porque la igualdad no es un objetivo lejano, sino una tarea de cada día.

2



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

Deseguido pregunta se hai algunha intervención.

Intervén a Sra. Voceira do Grupo Popular, D.^a María Belén Salido Maroño, manifestando que evidentemente o seu grupo vai apoiar esta adhesión.

A continuación, o Sr. Alcalde en funcións somete o asunto a votación, co resultado de que a adhesión do Concello de Monfero á Declaración institucional da FEMP polo 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres, é aprobada co voto favorable de todas as persoas membros da Corporación asistentes á sesión. Xa que logo, o Sr. Alcalde en funcións proclama que queda aprobada por unanimidade.

5. APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ 2025”

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que neste punto trátase de someter a aprobación do Pleno a proposta que formula a Alcaldía que pasa a describir.

Indica que se propón destinar 299.665,20€ a gasto corrente, 80.862,13€ ao Acondicionamento da cuberta do parque do Colexio Virxe da Cela, á reposición de peches perimetrais e pintado de prazas e accesos. Describe por enriba a obra, explicando que se trataría de cambiar a actual cuberta do patio por unha nova, na que se instalaría chapa sandwich totalmente opaca, e abrir dúas xanelas no patio para dar máis luminosidade, que tamén se contempla a reposición do muro que hai abaixo detrás dos depósitos de auga que vai cara á cantina do campo de fútbol que se move e está perigoso e tamén o pintado da zona de buses para aparcamento e máis a creación dun pequeno circuíto urbano pintado con sinais no chan para bicis para os nenos, que foi unha petición xa de varios anos da Dirección do colexio.

Continúa, dicindo que outra partida que se propón para a súa aprobación é unha de 369.335,35€ que sumando 13.708,54 de achega municipal farían un total de 383.043,89€ para a mellora dos camiños municipais que pasa a describir. Que sería a mellora do campo da festa de Vite en Queixeiro, a mellora do camiño que vai da Pontedapedra a Vite, o lugar do Candedo ao Piñeiro, todo aglomerado tamén, o do Piñeiro do Medio, os do Vilar a Rebordochao, a mellora do camiño de Fraemelle, a mellora do camiño da Louseira ao Bullón, en zahorra, que en San Andrés propónse unha mellora da recollida de pluviais e a mellora do acceso a Xiao de Abaixo.

Que, canto ao Plan Complementario, pretenden destinar 344.565,87€ á mellora dos seguintes camiños municipais en aglomerado: Do Cal do Vilar ao Cal da Hermida no Alto Xestoso, unha mellora da recollida de pluviais na Cabana en Queixeiro, o aglomerado do camiño do Gandarón, a mellora do camiño do cruce do Abeal ao Seixo cara á ponte de Goente, a mellora do acceso que vai desde o Carballiño, no Val Xestoso, ao do Casaldabouza, un pequeno acceso ao lugar de Vales que a día de hoxe aínda no conta cun acceso nin tan sequera en zahorra, unha mellora da recollida de pluviais en Villafail en Queixeiro, e un acceso ao Casal no Val de Xestoso.

Deseguido, o Sr. Alcalde en funcións informa de que houbo uns pequenos erros (nos proxectos), que ten un informe do arquitecto, e explica que no caixetin dos planos correspondente ao camiño do Casal, en Val Xestoso, aparecía Pontedapedra – Vite e xa se corrixiu, está ben marcado no plano, evidentemente é o Casal, un lugar do Val Xestoso, pero no caixetín figuraba mal descrito, e tamén había unha errata no lugar do Candedo que figuraba como Canedo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

A proposta da Alcaldía que se somete á aprobación do Pleno da Corporación, que se enviou ao mesmo tempo que a convocatoria á Sra. Voceira do Grupo Popular e ao Sr. Concelleiro do BNG, transcríbese textualmente a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ 2025”

Logo de ver a circular da Deputación Provincial da Coruña, de 28 novembro de 2024, sobre a aprobación das Bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ 2025, as bases publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 233, correspondente ao día 3 de decembro de 2024, os proxectos técnicos, anexos e demais informes e documentación elaborada para solicitar a inclusión do Concello no mencionado Plan, propóñolle ao Pleno da Corporación que adopte os seguintes acordos:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2025” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á “achega provincial 2025” e con cargo á “achega provincial 2024:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2025:

	Deputación
Achega provincial 2025 aplicada ao financiamento de gastos correntes	299.665,20
Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes	0
Subtotal gasto corrente	299.665,20

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2025	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Acondicionamiento de cubierta del patio del CPI Virxe da Cela, reposición de cierres perimetrales y pintado de plazas y acceso	80.862,13	0		0	80.862,13
Subtotal investimentos achega provincial 2025	80.862,13	0		0	80.862,13

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

ACHEGA PROVINCIAL 2024 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Denominación da obra ou da subministración	Deputación	Concello		
Achega municipal			IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Proxecto de mejora pavimentación en las parroquias de Queixeiro, Vilachá, Val Xesoso, Alto Xestoso y San Félix	369.335,35	13.708,54		13.708,54	383.043,89
Subtotal investimentos achega provincial 2024	369.335,35	13.708,54		13.708,54	383.043,89

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C) Resumo:

POS+ 2025 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento Total
			Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2025	299.665,20				299.665,20
	Achega 2024	0				0
B- INVESTIMENTOS	Achega 2025	80.862,13	0		0	80.862,13
	Achega 2024	369.335,35	13.708,54		13.708,54	383.043,89
	Achega 2025	380.527,33	0		0	380.527,33

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

C- TOTAL	Achega 2024	369.335,35	13.748,14	0	13.748,14	383.083,49
	TOTAL	749.862,68	13.748,14	0	13.748,14	763.610,82

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2025 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% da achega provincial 2025)	(A) Orzamento de contrata	(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)	(C) = A-B Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B)
Proyecto mejora capa de rodadura en viales en las parroquias de Alto Xestoso, Queixeiro, Vilachá y Val Xestoso.	344.565,87		344.565,87
TOTAL	344.565,87		344.565,87

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2025 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

O alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

Seguidamente, o Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención.

Intervén a Sra. Voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, D.^a M.^a Belén Salido Maroño, manifestando que desde o Grupo Popular, despois de ollar todo o que se lles pasou, que efectivamente tiveron que chamar ao Concello para preguntar onde era o Casal porque non o tiñan claro, e no caixetin estaba mal referenciado porque poñía Pontedapetra, e que evidentemente ían preguntar hoxe polo tema do Canedo, porque en todos os lugares aparece Canedo pero o plano pertence ao Candedo, pero como xa aclarou (o Alcalde en funcións) a errata...

Continua indicando que eles efectivamente están totalmente de acordo en que se cambie a cuberta do patio pois vai bastantes veces ao colexio e vese perfectamente que necesita repararse. Que, en canto ao tema das obras, que eles (o Goberno) elixiron esas obras para facer pero que tamén poderían ser outras porque evidentemente en Monfero poden ser moitas porque as estradas están como están.

Prosegue, dicindo que o que si non ven urxente desde o Grupo Municipal Popular é investir 21.000€ no campo da festa de Queixeiro. Que ela vive nesa parroquia e cantas máis cousas se fagan nela mellor, que niso están a favor e non están en contra pero que en Queixeiro existen pistas municipais que da pena velas e que cre que eses cartos ían máis e mellor investidos nesas pistas que agora mesmo no campo da festa porque o campo da festa está perfectamente como está agora mesmo para un día ao ano que se usa, que é máis que se usa para a festa pero que tamén o usan para ir a facer “trompos”, tamén o usan como acopio de madeira, e, entón, que cren que iso non é unha urxencia para investir 21.000€ agora mesmo no campo, que preferían que con eses cartos que van investidos alí se fixeran os camiños que están peor, ou incluso, se (o Goberno) non quería meter camiños, incluso... -que nos últimos plenos falaron da pista polideportiva- que se podían meter no arranxo da pista polideportiva e non no campo da festa, que o seu grupo non o ve para nada urxente, que hai un día de festa ao ano, que oxalá houbera moitos máis, pero bueno, que cren que se pode bailar perfectamente e estar alí mirando á orquestra perfectamente sen agora botarlle unha capa de aglomerado.

Despois manifesta que dedicar 300.000 euros a gasto corrente indica claramente que a xestión non é tan boa como queren vender.

Que, vendo os proxectos, ven que non saben se a idea que teñen é que as pistas se queden en circulación de sentido único ou queren facelas en ambos sentidos, porque vendo que unha pista vai a 3,50 que lle digan (o goberno) como se vai cruzar un autobús. O Sr. Alcalde en funcións preguntalle cal. A Sra. Concelleira contéstalle que agora mesmo non o sabe pero que se mira os proxectos, mirando no ancho aparece algunha a 3,50, que non quere dicir que vaian todas, que aparecen moitísimas medidas, que por exemplo a que lle veu agora ao abrir (o proxecto), en

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

Fraemelle no tramo número dous o ancho son 3,50. O Sr. Alcalde en funcións dille que é o ancho que hai porque pasa polas as casas. D.^a María Belén Salido dille que se seguen mirando hai máis e que, como comprenderan, a 3.50 para cruzarse dous coches é moi complicado porque ademais as cunetas quedan moi fondas e non se pode arrimar porque nalgún lado non se sabe o que hai despois porque está sen desbrozar e no outro se hai unha fochanca non se pode meter o coche porque despois non sae. O Sr. Alcalde en funcións indícalle que os tramos que hai de 3.50 entende que son as pistas nas que xa existe esa anchura, que no caso de Fraemelle entende que é porque vai polo medio das casas e non se pode anchar máis. Aclara a Sra. Concelleira que esa foi a que lle saíu agora mesmo ao abrir os papeis pero que pode haber algunha máis. Apunta que di isto porque eles (o goberno), cando foi da campaña electoral no seu programa electoral aparecía que se ían a anchar as pistas todas que se puideran, que se lles ía a dar máis ancho, e entón ano tras ano están vendo que non se está a anchar ningunha, que todas van máis ou menos así, e despois ao botar outra capa de aglomerado quedan máis estreitas, vanse quedando máis pequenas. Engade que nalgún lado tamén viron uns anchos diferentes e que non sabe a que se debe, anchos de dez metros, que se imaxinan que a pista non vai a ir a dez metros. Que no Piñeiro do Medio, no sobreancho 1, ven 10 de anchura, e que ao seu grupo gustaríalles... O Sr. Alcalde en funcións respóndelle que iso serán os abanicos cando entronca unha pista con outra. Intervén o Sr. Concelleiro do BNG indicando que será o cruce indo para o Candedo. A Sra. Concelleira contéstalle que iso non é o cruce. O Sr. Concelleiro do BNG di que soamente o terá alí ao lado da casa de Catalina, que no outro non ten dez metros. O Sr. Alcalde en funcións di que non e volve dicir que son os abanicos que o técnico mide. D.^a María Belén Salido di agora que noutros lados tamén detectaron que non se pon o ancho, so a lonxitude e que non saben o por que porque a pista o largo que ten xa o saben, e dicir, que se se mide saben perfectamente cal é o largo e o ancho e entón, como non o saben, que lles gustaría que lles explicaran por que non aparece ese largo. O Sr. Alcalde en funcións preguntalle en cales e a Sra. Concelleira responde que agora mesmo... que tería que revisalos un por un. O Sr. Alcalde en funcións dille que lle estraña pero que pode ser. A Sra. Concelleira dille que si, que aparecen sitios onde non aparece o ancho, perdón, onde non aparece o largo, pero que tamén pode ser un erro do proxecto. O Sr. Alcalde en funcións concorda. A Sra. Concelleira engade que tamén pode ser que vaia perfectamente así para mandar á Deputación, que tampouco o saben.

Di agora a Sra. Voceira que, xa para ir rematando, neste pleno o seu grupo municipal trouxo unha moción no ano 2023, que non saben se o lembran, unha moción onde pedían o arranxo da estrada da Acea onde se fixo aquel arranxo e máis unha actuación en Queixeiro, no lugar da Ponte do Muíño, ao carón de Vite, subindo para Queixeiro, onde xa houbo varios incidentes, e esa moción quedou aprobada en pleno polos tres grupos e de momento non se meteu en ningún proxecto, entón pregunta para que están os Plenos se realmente o que se trae ao pleno e se aproba non se leva a cabo, que lles digan para que están os plenos e para que se traen as mocións e se aproban se realmente despois fan o que lles da a gana e non pensan no que está aprobado.

Remata dicindo que van votar a favor porque hai algo que diferencia aos dous grupos, tanto ao PSOE como ao PP, é que no Pleno de novembro se mal non recorda presentaron unha moción cunha serie de vías que querían que se meteran no POS deste ano, porque consideraban que tiñan falta de arranxar, como era Porto Canedo, que saben (o Goberno) que aquilo... que vai haber unha desgraza e xa o dixeron moitas veces e o seguen dicindo, que dixeron que o sinalizaran e non o fixeron e non o meteron, non o consideran primordial, que tamén dixeron que en Portocarro pasa o mesmo, que aínda hai dúas semanas ou así houbo alí un percance, xa van moitos, e cando hai xeadas aquilo convertese nun inferno, que iso non consta so en ao día seguinte ir a limpar a cuneta que hai que actuar doutra forma, e que estas actuacións que tanto o grupo de goberno como o BNG votaron en contra a eles lles gustaría que si se meteran neste plan de obras, e que

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

por iso di que algo os diferencia aos dous grupos e é que eles non van a votar en contra, van a votar a favor pensando no ben e na mellora das vías municipais que tanto o necesitan e no ben dos veciños sobre todo.

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención máis. Non se produce ningunha.

Seguidamente, o Sr. Alcalde en funcións contéstalle á Sra. Concelleira do Partido Popular, en relación ao tema do campo da festa de Vite, que xa foi unha petición de fai tres ou catro anos por parte da comisión de festas, a quen lle dixeron que cando puideran o meterían, e este ano un membro da comisión tamén o comentou, e que eles pensan que de paso que se vai amañar o tramo desde a Pontedapedra a Vite que o ideal sería arranxalo tamén, que é a súa idea ademais de ser peticións da veciñanza, bueno da comisión de festas, un membro da comisión de festas así llo propuxo á parte xa doutras comisións anteriores, xa fai tres ou catro anos. A Sra. Voceira do Grupo Municipal do Partido Popular preguntalle quen foi esa persoa que o propuxo, que lles gustaría sabelo. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que se quere llo di abaixo. Engade a Sra. Concelleira que eles non están en contra da festa nin de nada senón que simplemente agora mesmo iso non o ven con carácter urgente. O Sr. Alcalde en funcións dille que ata pode coincidir con ela en que non é urgente, que valoraron as (...) en Queixeiro e esta cantidade do campo da festa non chegaba nin para a metade. Pide a palabra a Sra. Concelleira e manifesta que se vai (o Alcalde en funcións) a Queixeiro e lle pregunta á veciñanza da parroquia se prefiren arranxar o campo da festa ou prefiren ter as estradas decentes para poder saír da casa e non estragar unha roda do coche nunha fochanca a ver que lle contestan.

O Sr. Alcalde en funcións insiste en que foi unha petición das comisións e continua, indicándolle, en relación a moción do Pleno que mencionou antes, que se intentar metelas noutro plan cando sexa posible, no adicional ou cando se poida. A Sra. Concelleira lémbrale que xa está aprobado desde o 2023.

D.^a María Belén Salido preguntalle se pode facer unha intervención agora que están a falar das pistas. O Sr. Alcalde en funcións respóndelle que si e Sra. Concelleira di que non ten nada que ver co POS, que simplemente dicirlles que estes días van a empezar os traballos na estrada que trouxeron o mes pasado a moción ao Pleno, de Vilachá ao Tres da Deputación, que van a tapar as fochancas.

Non se producen máis intervencións. O Sr. Alcalde en funcións anuncia que vai someter o asunto votación. Vótase. O resultado é que a proposta da Alcaldía de aprobación do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ 2025 é aprobada e adoptados todos os acordos que contén co voto a favor de todas as persoas membros da Corporación asistentes á sesión. Xa que logo, o Sr. Alcalde en funcións proclama que queda aprobada por unanimidade.

6.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ ADICIONAL 1/2025 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EJERCICIO 2025

O Sr. Alcalde en funcións explica que o que se trata de aprobar é o modificado do envío da proposta, que enviaron uns requirimentos da Deputación, nos que indicaban que ademais de reflectir os gastos destinados e aprobados no Pleno, tamén había que incluír a previsión de gastos do propio Concello, das partidas que se reflectían nel, por exemplo, na partida que vai a

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

emergencia social que tamén inclúe becas, había que incluír a partida de gastos xerais do Concello prevista para este ano que é de 22.000 euros, que había que incluír a partida de gastos xerais de 393.398 do SAF e que foi un requirimento técnico da Deputación.

A proposta da Alcaldía que se somete á aprobación do Pleno da Corporación, que se enviou ao mesmo tempo que a convocatoria á Sra. Voceira do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG, transcríbese textualmente a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDIA

Logo de ver a circular da Deputación Provincial da Coruña, de decembro de 2024, sobre o POS+ ADICIONAL 1/2025 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2025, as Bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) “POS+ 2025”, os requirimentos efectuados pola Deputación Provincial para que se inclúan nas previsións a totalidade dos gastos e tamén a estimación de todos os ingresos que se prevé recibir nos distintos programas, anexos, informes e demais documentación elaborada para o efecto da inclusión do Concello no mencionado Plan, propóñolle ao Pleno da Corporación a modificación dos acordos de solicitude deste plan anteriores quedando os acordos adoptados redactados da seguinte forma:

1. Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2025” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, aceptar a totalidade das súas Bases , e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2025 Dato notificado que figura no seu expediente	78.343,86 €
---	--------------------

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2025	PREVISIÓN DE GASTOS 2025	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE SOLICITADO POS+ADICIONAL 2025	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
GASTOS CORRENTES					
a. Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello mediante a nova contratación ou ao mantemento de persoal xa contratado como reforzo ou ampliación en anteriores edicións do POS+Adicional 1 para gastos sociais extraordinarios.	16.797,21 €	0,00 €	16.797,21 €	16.797,21 €	0,00 €
b. Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de	22.000,00 €	0,00 €	22.000,00 €	7.000,00 €	15.000,00 €

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

emergencia e necesidade social ás unidades de convivencia en risco de exclusión social segundo a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia cando exista unha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que non asegure a cobertura das necesidades básicas, como son a vivenda e gastos para o seu mantemento, alimentación, educación, gastos médicos e farmacéuticos, transporte e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.						
c. Dotación das partidas municipais destinada a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda no fogar de atencións de carácter básico na modalidade dependencia, incluíndo aquela que corresponde ás horas xa concedidas.	393.698,57 €	244.516,56 €	149.182,01 €	37.181,65 €	112.000,36 €	
d. Ampliación do servizo de axuda no fogar de atencións de carácter básico na modalidade libre concorrência.			0,00 €		0,00 €	
e. Creación ou ampliación do servizo de axuda no fogar de atencións de carácter básico de servizos específicos: servizo de Xantar na casa, servizo de Comedor sobre rodas e servizo de Lavandaría.			0,00 €		0,00 €	
f. Creación ou ampliación do servizo de axuda no fogar de servizos e atencións de carácter complementario	3.000,00 €		3.000,00 €	3.000,00 €	0,00 €	
g. Creación ou ampliación dos servizos para o respiro e a conciliación familiar a unidades de convivencia que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais	12.000,00 €		12.000,00 €	5.000,00 €	7.000,00 €	
h. Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren	5.000,00 €		5.000,00 €	5.000,00 €	0,00 €	

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables e sexan debidamente xustificadas.					
Total Gastos correntes	452.495,78 €	244.516,56 €	207.979,22 €	73.978,86 €	134.000,36 €
INVESTIMENTO					
Investimentos: Tipoloxía i	4.365,00 €		4.365,00 €	4.365,00 €	
Investimentos: Tipoloxía j					
Total Gastos Investimento	4.365,00 €	0,00 €	4.365,00 €	4.365,00 €	0,00 €
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2025	456.860,78 €	244.516,56 €	212.344,22 €	78.343,86 €	134.000,36 €

IMPORTES SOLICITADOS	
I. Importe solicitado para gastos correntes	73.978,86 €
II. Importe solicitado para investimentos: Tipoloxía i	4.365,00 €
III. Importe solicitado para investimentos : Tipoloxía j	0,00 €
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2025 (I + II + III)	78.343,86 €

2. Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.

3. Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

O alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención.

Intervén a Sra. Voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, D.^a María Belén Salido, quen manifesta que é simplemente aprobar o modificado e que eles se van abster, que no seu día votaron en contra, que xa dixeron os argumentos, pero que no modificado se van abster.

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se a teñen todos. Non se producen intervencións. O Sr. Alcalde en funcións anuncia que vai someter o asunto a votación. Vótase. O resultado e o seguinte: 4 votos a favor (PSOE e BNG), ningún voto en contra e 4 abstencións (PP). Xa que logo, a proposta da Alcaldía é aprobada polo Pleno da Corporación.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

Non se producen máis intervencións. O Sr. Alcalde en funcións anuncia que vai someter o asunto votación. Vótase. O resultado é o seguinte: 4 votos a favor (PSOE e BNG), ningún voto en contra e 4 abstencións (PP). Xa que logo, a proposta da Alcaldía de modificación da aprobación do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ ADICIONAL 1/2025 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2025, é aprobada por maioría e adoptados todos os acordos que contén.

7.- APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DO PARQUE INFANTIL MODIFICADO

O Sr. Alcalde en funcións explica que se recibiu requirimento da Deputación con criterios técnicos, que debía incluír no parque un punto de auga, unha fonte, cambiar os bancos e incluír unha partida de limpeza do formigón previa á instalación do caucho do parque, que son consideracións técnicas á parte de haber algún erro na planimetría sen importancia, que o importe do proxecto segue sendo o mesmo e non se modifica nada e se trata de someter ao pleno a súa proposta de aprobación.

A proposta da Alcaldía que se somete á aprobación do Pleno da Corporación, que se enviou ao mesmo tempo que a convocatoria á Sra. Concelleira do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG, transcríbese textualmente a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDIA

APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO OBRA POS+ adicional 2b/2024

Logo de ver os requirimentos efectuados pola Deputación provincial sobre á documentación do Plan POS+ adicional 2b/2024, en concreto sobre as deficiencias detectadas no proxecto inicial, o novo proxecto técnico modificado (xaneiro 2025) e considerando que as modificacións que contén afecta exclusivamente a cuestións técnicas e que non varía o seu importe, localización nin terreos afectados, propóñolle ao pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar o seguinte proxecto modificado:

Financiamento de investimentos financeiramente sostibles

Investimentos financeiramente sostibles novos (NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024)	Financiamento dos investimentos			
	Deputación	Concello		Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. de	

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

			auga potable)		
Proxecto modificado -Instalación de parque infantil en lugar de Rebordelo (enero 2025)	77.017,76 €	0	0	0	77.017,76 €
TOTAL	77.017,76 €	0	0	0	77.017,76 €

SEGUNDO.- Proceder ao seu envío á Deputación provincial, a través da plataforma SUBTEL, para o trámite correspondente.

O alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

Deseguido, o Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención. Non se produce ningunha. O Sr. Alcalde en funcións anuncia que vai someter o asunto votación. Vótase. O resultado é que a proposta de aprobación do proxecto técnico do parque infantil modificado á que se refire este punto da orde do día é aprobada e adoptados todos os acordos que contén co voto a favor de todas as persoas membros da Corporación asistentes á sesión. Xa que logo, o Sr. Alcalde en funcións proclama que queda aprobado por unanimidade.

Non se producen máis intervencións e, ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás once horas e vinte e sete minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certífico

O Alcalde en funcións

O Secretario-Interventor